

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 24 DE MARZO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/374/2009.- Industrias Torres Golan, S. L.- Legalización de obras de construción de dúas naves industriais encostadas nas parcelas B-12 e B-13 do SUNP-34 de Boisaca, sen uso específico.

Lic/1738/2008.- Consorcio da Cidade.- Execución das obras de reforma no aparcadoiro e accesos ao Auditorio de Galicia.

Lic/1716/2008.- Hostal San Lorenzo, S. L.- Vivenda unifamiliar illada no lugar de Tras Igrexa-Villestro Parcela 425-2B.

Lic/1992/2008.- Roberto García Rodríguez.- Vivenda unifamiliar na rúa Carballo de Aldrei.

DENEGADAS.-

Lic/404/2009.- Rosa M^a Fernández Sánchez.- Demoler unha edificación auxiliar e construción doutra edificación con uso de almacén na rúa Canteira de Abaixo nº 39 B.

PARCELACIONES.-

Lic/73/2009.- María López Botana.- Parcelación urbanística dunha parcela sita en Son de Abaixo nº 43. (+)

Lic/370/2008.- Berta González Mato.- Parcelación urbanística dunha parcela sita na rúa do Hospicio nº 26. (+)

Lic/319/2009.- Pilar Castro Dopazo.- Parcelación urbanística da parcela resultante da agrupación das parcelas sitas na rúa Camiño dos Vilares. (+)

REXEITAR A SOLICITUDE presentada por Dona Hildelina Ceruelo Nieves de REVOGACIÓN DA LICENZA concedida á entidade Plavimundo, S. L.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

2439/08.- Mosteiro y Miñonez, S. L.- Expte. Lic/672/2008 8.000 €.-

1428/08.- Inmobiliaria Pepe Noya e Hijos, S. L.- Expte. Lic/1428/2008..... 9.000 €.-

86/2009.- Cableuropa S. A. U. – Ono Empresas.- Expte. Lic/1236/1998..... 1.850.000 ptas (11.118,72 €).

OCIHR

LICENZAS

DEVOLUCIÓN DE FIANZAS

LIC/2530/2008.- Devolución da fianza depositada por PROMOCIONES FERNÁNDEZ TABOADA SL, en garantía da licenza LIC/1002/2008. O importe da fianza é de 150€.

LIC/2606/2008.- Devolución da fianza depositada por D. JOSÉ ROGELIO GUERA LIÑAREZ, en garantía da licenza LIC/2158/2007. O importe da fianza é de 600€.

LIC/2071/2008.- Devolución da fianza depositada por PROMOCIONES FERNÁNDEZ TABOADA, S.L, en garantía da licenza LIC/271/2008. O importe da fianza é de 4.000€.

LIC/2534/2008.- Devolución da fianza depositada por MALGA SL, en garantía da licenza LIC/735/2006. O importe da fianza é de 300€.

4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.

Concédense axudas por importe de 79.000 euros.

5.- Modificación puntual do Plan de sectorización do solo urbanizable non programado número 14 (SUNP-14). Tras Paxonal.

Apróbase inicialmente a modificación puntual do Plan de sectorización do SUNP-14 (Tras Paxonal) presentado por EMUVISSA.

6.- Gratificacións por prestación de servizos extraordinarios e plus de transporte.

Apróbase o aboamento de horas extras por importe de 49.284,65 euros.

7.- Subministro de consumibles de material informático para o Concello de Santiago de Compostela.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade establecéndose un tipo de licitación de 29.937,05 euros máis IVE.

8.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a autorización para a realización de horas extraordinarias.

Autorízase a realización de horas a persoal da concellería de Benestar Social.

9.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á aprobación do orzamento e adjudicación do proxecto sócio-educativo incluído no programa de DIMINUCIÓN DE DANO, marzo-décembro 2009.

Adxudícase á empresa INICIA@2008, SC, a realización do proxecto socioeducativo incluído no programa de diminución de dano, por importe de 11.900 euros, dende marzo a decembro de 2009.

10.- Proposta da concelleira delegada de Educación dando conta da corrección dun erro no acordo de 3.3.09, relativo aos prazos de admisión e matrícula nas escolas infantís de Conxo e Fontiñas.

Corríxese o erro de forma que o prazo para a solicitude de reserva de praza sería do 3 ao 10 de marzo, e non do 2 ao 10, como se recollía nun principio.

11.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, no imposto sobre actividades económicas, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á organización da exposición de paxaros e plantas “MOSTRA NATURA DO ENSANCHE”.

Autorízase a realización deste mercado/exposición e apróbase un orzamento de 20.000 euros para a mesma.

2.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa á provisión dun auxiliar administrativo para o Rexistro municipal.

Apróbase a devandita provisión por un período de catro meses como reforzo para atender o volume de trabalo.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa ao pago dos premios do concurso de ideas empresariais do programa COMPOSTELA ACTIVA 2008 e revogación do premio ao proxecto XINOÉ.

Acórdase o pagamento dos premios do devandito concurso.

4.- Adjudicación definitiva das obras de substitución da rede de abastecemento en Rueiro de Figueiriñas, incluídas no FIL.

Adxudícanse definitivamente as devanditas obras á empresa MONTEBALSA, S.L., por un importe de 90.764,05 euros máis IVE e un prazo de execución de 3 meses.

5.- Adxudicación definitiva das obras de ampliación de abastecemento no lugar de Barciela, incluídas no FIL

Adxudícanse definitivamente as devanditas obras á empresa MONTEBALSA, S.L, por un importe de 102.335,48 euros máis IVE e un prazo de execución de 3 meses.

6.- Adxudicación definitiva das obras de substitución da rede de abastecemento na rúa Pequena, rúa Grabanxa, rúa Queimada e rúa do Ceo, incluídas no FIL.

Adxudícanse definitivamente as obras por importe de 143.685 euros á empresa MONTEBALSA, AS e un prazo de execución de 3 meses.

7.- Adxudicación definitiva das obras de rehabilitación da rede de saneamento na avda. Rosalía de Castro, incluídas no FIL.

Adxudícanse definitivamente as obras por importe de 125.060 euros á empresa AQUAGEST, SA e un prazo de adxudicación de 2 meses.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo.

Acórdase a solicitude de autorización para a concertación dunha operación de préstamo por importe de 7.190.000 euros.

9.- Proposta da concelleira delegada de Reforma Administrativa relativa á aprobación do proxecto SANTIAGO CONTIGO FASE II, e solicitude dunha axuda no marco do programa EMODEL-PROXECTOS DE MODERNIZACIÓN ADMINISTRATIVA LOCAL 2009.

Apróbase a realización do proxecto Santiago.Contigo Fase II por importe de 254.180 euros e a presentación da solicitude de subvención por un importe de 127.090 euros.

10.- Propostas da concelleira delegada de Persoal relativas ao aboamento de incentivos por xubilación anticipada.

Apróbase o recoñecemento do incentivo por xubilación anticipada a un traballador do Concello.

11.- Adxudicación provisional do servizo de dirección facultativa superior e coordinación de seguridade e saúde das obras de reurbanización da rúa Curros Enríquez, incluídas no FIL.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa SEPIA TÉCNICOS, SL, por importe de 32.460 euros máis IVE.

12.- Adxudicación provisional do servizo de dirección facultativa das obras de reurbanización dun tramo da Avda. de Villagarcía-García Prieto-Sánchez Freire, incluídas no FIL.

Adxudícase provisionalmente o contrato de referencia á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SLP, por importe de 22.705 euros máis IVE.

13.- Adxudicación provisional do servizo de dirección facultativa superior das obras de reurbanización da rúa Londres, incluídas no FIL.

Adxudícanse provisionalmente o devandito servizo á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SLP, por importe de 29.260 euros máis IVE.

14.- Adxudicación provisional do servizo de dirección facultativa superior e coordinación de seguridade e saúde das obras de ordenación funcional do núcleo de Canteira (San Lázaro) incluídas no FIL.

Adxudícase provisionalmente o devandito servizo á empresa PROYFE, SL, por importe de 33.500 euros máis IVE.

15.- Asignación de nomes a rúas.

Apróbanse nomes para 17 rúas nos SUNP 12 de Lamas de Abade e 13 da Carretera da Estrada (Pódese consultar a relación na páxina web municipal: www.santiagodecompostela.org)